

INSTRUCCIÓN RELATIVAS Á MEMORIA ANUAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS

INSTRUCCIÓN XERAIS

Segundo as obrigas marcadas pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as persoas físicas ou xurídicas que obtivesen unha autorización para a actividade de xestión de residuos enviarán ante o órgano ambiental competente da Comunidade Autónoma unha memoria resumen da información contida no Arquivo cronolóxico.

¿Quen debe presentar a memoria?

- Os xestores de residuos perigosos que realizan actividades de almacenamento, de valorización ou de eliminación.
- Os xestores de residuos non perigosos que realizan actividades de almacenamento, valorización ou de eliminación.

¿Como se debe presentar a memoria?

Debe cubrir o formulario de memoria anual dispoñible na páxina web <http://sirga.cmati.xunta.es/declaracion-anual-tramites> seguindo as instrucións amosadas a continuación, e presentala **en formato editable** a través da sede electrónica da Xunta de Galicia na páxina web <https://sede.xunta.gal/portada>, escollendo o procedemento **MT201I**.

¿Cal é o prazo de presentación?

- Antes do 1 de marzo de cada ano.

¿A quen se dirixe?

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
Subdirección Xeral de Residuos
Servizo de Residuos

Normativa aplicable:

- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Decisión 2014/955/UE da Comisión, de 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A MEMORIA ANUAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS

O formulario para a presentación da memoria anual de xestión de residuos componse da portada de datos xerais e do formulario propiamente dito para cada un dos centros de traballo da empresa autorizada como xestor de residuos.

-PORTADA-

DATOS XERAIS

- **Memoria correspondente ao ano:** ano natural ao que se corresponde a memoria presentada. Este será o ano de referencia para o aporte de todos os datos solicitados ao longo da memoria.
- **Data:** data na que se cumprimenta a memoria.
- **Sinatura do representante legal e selo da empresa:** sinatura manuscrita, non se aceptan copias, da persoa que é representante legal da empresa e cuxos datos figurarán no apartado de "Representante da empresa".

ACTIVIDADE QUE DECLARA

Sinalar a actividade que se declara e para cada unha delas:

- **Nº centros:** número de centros xestores de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia pertencentes á empresa xestora.
- **Nº autorización:** sinalarase o número de autorización que a empresa posúe no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia. Destacar que cada actividade declarada debe contar cun número de autorización asociado.

DATOS XERAIS DA EMPRESA

- **Razón Social:** denominación da empresa xestora.
- **N.I.F./C.I.F.:** número ou código de identificación fiscal da empresa xestora.
- **Domicilio social:** enderezo da razón social da empresa.
- **Código Postal:** código postal da dirección da razón social.
- **Concello:** concello onde está situada a sede da razón social.
- **Provincia:** provincia onde está situada o concello da razón social.
- **Teléfono:** número de teléfono da razón social.
- **Fax:** número de Fax da razón social.
- **Correo electrónico:** enderezo de correo electrónico da razón social.

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Neste apartado describirase o enderezo seleccionado para a notificación con esta Dirección Xeral no caso de ser distinta á da razón social.

PERSOA DE CONTACTO

Neste punto deberán indicarse os datos da persoa coa que a administración deberá poñerse en contacto no caso de que se produzan incidencias ou xurdan dúbidas sobre os datos declarados.

REPRESENTANTE DA EMPRESA

Descríbese neste apartado os datos persoais do representante legal da empresa xestora.

OBSERVACIÓNS ou INCIDENCIAS

Este apartado de campo libre deberá ser utilizado, en caso necesario, para aclarar circunstancias especiais relacionadas cos datos aportados nesta memoria.

-FORMULARIO-

Debe cubrirse copia de dito documento completo (apartados 1-2) para cada un dos centros xestores de residuos declarados na portada de datos xerais e remitilos conxuntamente a esta Dirección Xeral.

1. DATOS DA ACTIVIDADE DE XESTIÓN

Neste apartado cubrirase información sobre os datos xerais do centro de traballo xestor de residuos.

Datos xerais do centro

- **Denominación do centro:** denominación do centro de traballo xestor de residuos.
- **Código C.N.A.E:** actividade do centro segundo o Código Nacional de Actividades Empresariais (CNAE-2009 ou última actualización) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.
- **Enderezo:** enderezo do centro de traballo xestor de residuos.
- **Código Postal:** código postal da dirección do centro de traballo xestor de residuos.
- **Concello:** concello onde está situado o centro de traballo xestor de residuos.
- **Provincia:** provincia onde está situado o centro de traballo xestor de residuos.
- **Teléfono:** número de teléfono do centro de traballo xestor de residuos.
- **Fax:** número de Fax do centro de traballo xestor de residuos.

1.1. RESUMO DA ACTIVIDADE DE XESTIÓN

Residuos xestionados

Neste cadro debe presentarse un resumo da actividade de xestión propiamente dita indicando o procesamento dado a cada un dos residuos recibidos no centro xestor, para o cal deben cubrirse os seguintes datos:

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE.
- **Descrición do residuo:** descrición o máis sinxela e precisa posible do residuo xestionado.
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior, SEN PROCESAR (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa pendente de ser procesado. No caso concreto dos xestores nos que a actividade declarada sexa a de Almacenamento deberán indicar neste campo aquelas cantidades de residuos que non se enviaron a xestor no período de referencia.
- **Cantidade total ENTRADAS (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo recibido no centro xestor ao longo do ano de referencia, expresada en toneladas. A relación destas entradas debe estar recollida no apartado 2.2. da memoria ou anotada nas entradas de residuos do arquivo cronolóxico da Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA).
- **Cantidade PROCESADA (toneladas) por tipo de actividade:** debe indicarse a cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) procesada do residuo de entrada expresada en toneladas en cada unha das actividades de xestión declaradas, de acordo coa seguinte nomenclatura:
 - Almacenamento: actividade de xestión de residuos consistente no depósito temporal dos mesmos. Esta operación de xestión de residuos codifícase como R13 ou D15 no Anexo II e III, respectivamente, da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, en función de se o seu destino final é a valorización ou a eliminación.
 - VI – Valorización intermedia: actividade de xestión consistente na preparación dos residuos co fin de permitir a súa posterior valorización final. Inclúense neste concepto

todas as actividades de tratamento previo á valorización, tales como, a clasificación, a trituración, a compactación ou prensado, o reenvasado, a fragmentación, etc. Esta operación de tratamento de residuos codifícase como R12 no Anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

- VF – Valorización final: actividade de xestión mediante a cal se aproveitan os recursos materiais e/ou enerxéticos contidos nos residuos xerando produtos finais que substituirán a outros materiais que de outro xeito se utilizarían para cumprir unha función particular. Quedan incluídas dentro desta definición todas as operacións de tratamento de residuos codificadas entre R1 e R11 no Anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- E – Eliminación: actividade de xestión mediante a cal se tratan os residuos por procedementos dirixidos, ben a súa vertedura ou ben a súa destrución total ou parcial. Quedan incluídas dentro desta definición todas as operacións de tratamento de residuos codificadas entre D1 e D14 no Anexo III da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Lembrarlle que o procesamento de cada un dos códigos LER declarados debe estar recollido na súa autorización de xestor de residuos.

- **Cantidade ALMACENADA a final do ano, SEN PROCESAR (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) expresada en toneladas de residuo almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano de referencia por estar pendente do seu procesamento. No caso concreto dos xestores nos que a actividade declarada sexa a de Almacenamento deberán indicar neste campo aquelas cantidades de residuos que non se enviaron a xestor no período de referencia.
- **Cantidade total (toneladas):** suma dos datos proporcionados para todos os códigos LER por columna.

Exemplo.- Xestión dunha planta de valorización de RCD's

RESIDUOS XESTIONADOS								
Código LER	Descrición do residuo	Cantidade ALMACENADA do ano anterior, SEN PROCESAR (toneladas)	Cantidade total ENTRADAS (toneladas)	Cantidade PROCESADA (toneladas) por tipo de actividade				Cantidade ALMACENADA a final do ano, SEN PROCESAR (toneladas)
				A	VI	VF	E	
170904	RCD's mesturados	200	15.400			15.500		100
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):		200	15.400			15.500		100

Se a xestión de residuos no seu centro de traballo foi adecuada o seguinte balance de masas debe cadrar, descontando as posibles perdas do proceso e/ou do transporte. En caso contrario debe indicar no apartado "Observacións ou incidencias" as posibles causas.

$$\text{Entradas} + \text{Almacenada}_{\text{ano anterior}} \approx \text{Procesada} + \text{Almacenada}_{\text{final ano}}$$

1.2. RESULTADOS DA ACTIVIDADE DE XESTIÓN

Este apartado só debe ser cuberto para as actividades de xestión de residuos de valorización intermedia, valorización final e eliminación. Non debe cubrirse o mesmo, polo tanto, para a actividade de almacenamento, a cal describirá a súa xestión enchendo o apartado 2.3.1. "Residuos entregados a xestor".

Produtos finais resultantes da actividade de xestión

Debe incluírse neste apartado unha relación de todos os produtos finais obtidos como resultado do proceso de valorización final de residuos. Enténdese que da actividade de valorización intermedia de residuos non se poder obter como resultado do proceso de xestión produtos finais senón residuos que se enviarán a un xestor final autorizado.

- **Código CPA:** codificación do produto ou servizo segundo a Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CPA-2008 ou última actualización), publicada polo Instituto Nacional de Estatística.
- **Descrición do produto:** nome co que se denomina o produto resultante da actividade de valorización final que se informa.
- **Unidade:** indicar a unidade coa que se cuantifica a cantidade anual xerada de produto. Preferentemente indicárase en **toneladas (t)**, aínda que se non é posible pódese utilizar outra: Kw/h, Kg,...)
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior:** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de produto final almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa.
- **Cantidade XERADA:** produción total no ano de referencia da memoria anual do produto final.
- **Saídas. Cantidade ENTREGADA a clientes ou autoconsumo:** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de produtos finais entregados a clientes ou autoconsumida durante o ano de referencia. A relación destas saídas debe estar recollida no apartado 2.3.2. desta memoria.
- **Cantidade ALMACENADA a final do ano:** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) expresada en toneladas de produto final almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano de referencia por estar pendente do seu envío a clientes ou consumo.

Exemplo.- Planta de valorización de RCD's

PRODUTOS FINAIS RESULTANTES DA ACTIVIDADE DE XESTIÓN (cubrir este cadro só cando se trate dun proceso de valorización final)						
Código CPA	Descrición do produto	Unidade	Cantidade ALMACENADA do ano anterior	Cantidade XERADA	Cantidade ENTREGADA a clientes	Cantidade ALMACENADA a final do ano
08.12.11	Árido reciclado fino	t	200	4.000	4.200	0
08.12.11	Árido reciclado zahorra	t	100	7.000	6.800	300

Exemplo.- Planta de valorización enerxética

PRODUTOS FINAIS RESULTANTES DA ACTIVIDADE DE XESTIÓN (cubrir este cadro só cando se trate dun proceso de valorización final)						
Código CPA	Descrición do produto	Unidade	Cantidade ALMACENADA do ano anterior	Cantidade XERADA	Cantidade ENTREGADA a clientes	Cantidade ALMACENADA a final do ano
35.11.10	Enerxía eléctrica	Mwh	0	8.000	8.000	0

Subprodutos

Debe facerse unha relación neste apartado de todos os subprodutos xerados no centro de referencia. Cabe destacar que a condición de subproduto deberá contar cunha resolución expresa de declaración de subproduto da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, ou estar previamente recollida na correspondente Orden Ministerial, e notificada polo produtor do subproduto á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ao establecido na Orden Ministerial tal e como se indica nas instrucións que pode consultar en: <http://sirga.cmati.xunta.es/uso-de-residuos-como-subproduto>

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE que recibiría o material no caso de ser considerado residuo.
- **Descrición:** descrición o máis sinxela e precisa posible do subproduto.
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) do subproduto almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa por estar pendente da súa saída ao destino final, expresada en toneladas.

- **Cantidade XERADA (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) do subproduto xerado ao longo do ano de referencia, expresada en toneladas.
- **Saídas. Cantidade ENTREGADA a destinatario (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) do subproduto entregado a destinatario durante o ano de referencia. A relación destas saídas debe estar recollida no apartado 2.3.3. desta memoria.
- **Cantidade ALMACENADA a final do ano (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) expresada en toneladas do subproduto almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano que se informa.
- **Cantidade total:** suma dos datos proporcionados para todas os subprodutos por columna.

Exemplo.-

SUBPRODUTOS					
Código LER	Descrición	Cantidade ALMACENADA do ano anterior (toneladas)	Cantidade XERADA (toneladas)	SAÍDAS: Cantidade ENTREGADA a destinatario (toneladas)	Cantidade ALMACENADA a final do ano (toneladas)
100101	Escouras	5	15	20	0
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):		5	15	20	0

Residuos resultado do proceso de xestión enviados a xestor externo

Farase unha relación neste apartado dos residuos resultado do proceso de xestión que se envíen a xestor externo para o seu tratamento final. Ditros residuos incluírán os rexeites e os residuos xerados como consecuencia das actividades de valorización final e eliminación así como os residuos resultantes da propia actividade de valorización intermedia. Non se incluírán, polo tanto, neste cadro os residuos xerados nos procesos de mantemento das instalacións, de outros procesos auxiliares ou derivados do propio funcionamento da instalación.

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE.
- **Descrición:** descrición o máis sinxela e precisa posible do residuo resultado do proceso de xestión.
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior, sen enviar a xestor (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa por estar pendente do seu envío a xestor, expresada en toneladas.
- **Cantidade XERADA (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo resultado do proceso de xestión xerado ao longo do ano de referencia, expresada en toneladas.
- **Saídas. Cantidade ENTREGADA A XESTOR (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo entregado a xestor autorizado durante o ano de referencia. A relación destas saídas debe estar recollida no apartado 2.3.1 ou anotada nas saídas de residuos do arquivo cronolóxico da Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA).
- **Cantidade ALMACENADA a final do ano, sen enviar a xestor (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) expresada en toneladas de residuo almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano de referencia por estar pendente do seu envío a xestor.
- **Cantidade total (toneladas):** suma dos datos proporcionados para todos os códigos LER por columna.

Exemplo.- Residuos resultado da xestión enviados a xestor externo

RESIDUOS RESULTADO DO PROCESO DE XESTIÓN ENVIADOS A XESTOR EXTERNO (cubrir este cadro só cando ditos residuos se envíen a xestor externo)					
Código LER	Descrición	Cantidade ALMACENADA do ano anterior, sen enviar a xestor (toneladas)	Cantidade XERADA (toneladas)	SAÍDAS: Cantidade ENTREGADA A XESTOR (toneladas)	Cantidade ALMACENADA a final do ano, sen enviar a xestor (toneladas)
170407	Metais mesturados	500	5.000	5.500	0
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):		500	5.000	5.500	0

Residuos resultado do proceso de xestión tratados no propio centro (autoxestión)

Farase unha relación neste apartado dos residuos resultado do proceso de xestión que se traten no propio centro xestor de residuos. Ditos residuos incluírán os rexeites e os residuos xerados como consecuencia das actividades de valorización final e eliminación así como os residuos resultantes da propia actividade de valorización intermedia. Non se incluírán, polo tanto, neste cadro os residuos xerados nos procesos de mantemento das instalacións, de outros procesos auxiliares ou derivados do propio funcionamento da instalación.

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE.
- **Descrición:** descrición o máis sinxela e precisa posible do residuo resultado do proceso de xestión.
- **Cantidade ALMACENADA do ano anterior, sen tratar (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano anterior ao que se informa por estar pendente do seu tratamento, expresada en toneladas.
- **Cantidade XERADA (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo resultado do proceso de xestión xerado ao longo do ano de referencia, expresada en toneladas.
- **Cantidade TRATADA (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) de residuo tratado no propio centro durante o ano de referencia.
- **Tipo de tratamento (D/R):** indicárase neste apartado que tipo de tratamento se realizou sobre o residuo xerado, codificando este segundo o Anexo II e III da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular..
- **Cantidade ALMACENADA a final do ano, sen tratar (toneladas):** cantidade neta (sen considerar o colector ou recipiente) expresada en toneladas de residuo almacenado no centro xestor a 31 de decembro do ano de referencia por estar pendente do seu tratamento.
- **Cantidade total (toneladas):** suma dos datos proporcionados para todos os códigos LER por columna.

Exemplo.- Rexeites eliminados no vertedoiro anexo á planta de valorización

RESIDUOS RESULTADO DO PROCESO DE XESTIÓN TRATADOS NO PROPIO CENTRO (AUTOXESTIÓN) ⁵						
(cubrir este cadro só cando ditos residuos se traten no propio centro xestor de residuos)						
Código LER	Descrición	Cantidade ALMACENADA do ano anterior, sen tratar (toneladas)	Cantidade XERADA (toneladas)	Cantidade TRATADA (toneladas)	Tipo de tratamient o (D/R)	Cantidade ALMACENADA a final do ano, sen tratar (toneladas)
191212	Rexeite da planta de valorización	0	150	150	D5	0
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):		0	150	150		0

2. ENTRADAS E SAÍDAS

2.1. Centro xestor de residuos

- **Denominación do centro:** usar a mesma denominación do centro de traballo xestor de residuos usada no apartado 1.

2.2. Entradas: residuos recibidos

a) Xestión de residuos perigosos e xestión de residuos non perigosos destinados a eliminación en vertedoiro

As empresas xestoras de residuos perigosos que realicen as actividades de almacenamento, valorización ou eliminación, así como as empresas xestoras de residuos non perigosos que realicen a actividade de eliminación en vertedoiro deberán dispor e levar, conforme ao artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e o artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia o arquivo cronolóxico de xeito telemático a través da plataforma habilitada para ese efecto pola consellería competente en materia de residuos, salvo que acrediten motivadamente que non concorren neles os supostos do artigo 14 Lei 39/2015, do 1 de outubro, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Estas empresas deben revisar o contido do seu arquivo cronolóxico e asinar o seguinte texto sinalando afirmativamente o/s parágrafo/s correspondente/s.

D./Dña. _____, como representante legal da empresa, declaro

☒ **Na xestión de residuos perigosos.**

*Que, conforme ao establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as anotacións de entradas de residuos perigosos do **Arquivo Cronolóxico** da empresa dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GalA), **correspóndense coas entradas reais de residuos perigosos neste centro de traballo** durante o ano da presente memoria.*

☒ **Na xestión de residuos non perigosos con destino a eliminación en vertedoiro.**

*Que, conforme ao establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as anotacións de entradas de residuos non perigosos do **Arquivo Cronolóxico** da empresa dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GalA), **correspóndense coas entradas reais de residuos non perigosos destinados a eliminación en vertedoiro neste centro de traballo** durante o ano da presente memoria.*

Para que así conste asino a presente aos efectos oportunos.

Sinatura

_____ de _____ de 202_

b) Xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro

No caso de que o centro xestor de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro cubrira **a totalidade das entradas** de residuos no ano de referencia no arquivo cronolóxico telemático como procedemento interno non resulta necesario que o detalle destes datos se inclúan na memoria anual. Debe para iso revisar o contido do mesmo e asinar o seguinte texto sinalando afirmativamente o parágrafo.

D./Dña. _____, como representante legal da empresa, declaro

☒ **Na xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro.**

Que, conforme ao establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as anotacións de entradas de residuos non perigosos do **Arquivo Cronolóxico** da empresa dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA), **correspóndense coas entradas reais de residuos non perigosos non destinadas a eliminación en vertedoiro neste centro de traballo durante o ano da presente memoria.**

Para que así conste asino a presente aos efectos oportunos.

Sinatura

_____ de _____ do 202_

- c) Na xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro** (sen rexistrar os traslados ou só rexistrados parte, no arquivo cronolóxico a través da *Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA)*)

No caso contrario, non utilización do arquivo cronolóxico telemático na súa totalidade, debe cubrirse copia deste cadro para cada un dos residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro recibidos no centro xestor e declarados no apartado 1 (residuos xestionados) durante o ano que se informa, incluíndo os seguintes datos:

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE.
- **Descrición:** usar a mesma descrición utilizada no apartado 1 para cada un dos residuos xestionados.
- **Produtor ou xestor de procedencia:** deben cubrirse os datos sobre o produtor ou xestor de procedencia dos residuos recibidos no centro de traballo. Os campos concello e provincia deben indicar o centro de traballo deste produtor ou xestor de procedencia, non da razón social.

Exemplo.-

Código LER:	170904	Descrición do residuo:	RCD's mesturados		
PRODUTOR OU XESTOR DE PROCEDENCIA					
Razón social	N.I.F./ C.I.F.	Concello	Provincia	Cantidade recibida (toneladas)	
Construcións SL	B-99999999	Rábade	Lugo	15.000	
Reciclando, SA	B-88888888	Allariz	Ourense	400	
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):				15.400	

Cómpre destacar que a suma das cantidades das distintas entradas (anotadas no arquivo cronolóxico telemático ou declaradas no correspondente cadro) debe coincidir coa cantidade declarada no campo "Cantidade total ENTRADAS" do apartado 1.

2.3. Saídas

2.3.1. Residuos entregados a xestor

a) Xestión de residuos perigosos e xestión de residuos non perigosos destinados a eliminación en vertedoiro

Os/as xestores/as de residuos perigosos que realicen as actividades de almacenamento, valorización ou eliminación, así como os/as xestores/as de residuos non perigosos que realicen a actividade de eliminación en vertedoiro deberán dispor e levar, conforme ao artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e o artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia o arquivo cronolóxico de xeito telemático a través da plataforma habilitada para ese efecto pola consellería competente en materia de residuos, salvo que acrediten motivadamente que non concorren neles os supostos do artigo 14 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Estas empresas deben revisar o contido do seu arquivo cronolóxico e asinar o seguinte texto sinalando afirmativamente o/s parágrafo/s correspondente/s.

D./Dña. _____, como representante legal da empresa, declaro

☒ **Na xestión de residuos perigosos.**

Que, conforme ao establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as anotacións de saídas de residuos do **Arquivo Cronolóxico** da empresa dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA), **correspóndense coas saídas reais derivadas da actividade de xestión de residuos perigosos neste centro de traballo** durante o ano da presente memoria.

☒ **Na xestión de residuos non perigosos con destino a eliminación en vertedoiro.**

Que, conforme ao establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as anotacións de saídas de residuos do **Arquivo Cronolóxico** da empresa dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA), **correspóndense coas saídas reais derivadas da actividade de xestión de residuos non perigosos mediante a eliminación en vertedoiro neste centro de traballo** durante o ano da presente memoria.

Para que así conste asino a presente aos efectos oportunos.

Sinatura

_____ de _____ do 202_

b) Xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro

No caso de que o centro xestor de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro cubrira **a totalidade das saídas** de residuos no ano de referencia no arquivo cronolóxico telemático como procedemento interno non resulta necesario que o detalle destes datos se inclúan na memoria anual. Debe para iso revisar o contido do mesmo e asinar o seguinte texto sinalando afirmativamente o parágrafo.

D./Dña. _____, como representante legal da empresa, declaro

☒ **Na xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro.**

Que, conforme ao establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e no artigo 27 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, as anotacións de saídas de residuos do **Arquivo Cronolóxico** da empresa dispoñible na Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GaIA), **correspóndense coas saídas reais derivadas da actividade de xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro neste centro de traballo** durante o ano da presente memoria.

Para que así conste asino a presente aos efectos oportunos.

Sinatura

-----, ----- de ----- do 202-

- c) **Na xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro** (sen rexistrar os traslados ou só rexistrados parte, no arquivo cronolóxico a través da *Plataforma Galega de Información Ambiental eResiduos (GalA)*)

No caso contrario, non utilización do arquivo cronolóxico telemático na súa totalidade, debe cubrirse copia deste cadro para cada un dos residuos derivados da actividade de xestión de residuos non perigosos non destinados a eliminación en vertedoiro enviados a un xestor externo durante o ano que se informa, incluíndo os seguintes datos:

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE.
- **Descrición:** usar a mesma descrición utilizada no apartado 1 para cada un dos residuos xestionados ou resultado do proceso de xestión.
- **Xestor de destino:** deben cubrirse os datos sobre o xestor de destino dos residuos xestionados externamente. Os campos concello e provincia deben indicar o centro de traballo dese xestor de destino, non da razón social.
- **Tipo de tratamento (D/R):** indicárase neste apartado a que tipo de tratamento se destinou o residuo, codificando este segundo o Anexo II e III da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Exemplo.-

Código LER:	170407	Descrición do residuo:	Metales mezclados		
GESTOR DE DESTINO					
Razón social	N.I.F./ C.I.F.	Concello	Provincia	Tipo de tratament o(D/R)	Cantidade ENTREGADA (toneladas)
Metais SL	B-99999999	Caldas de Reis	Pontevedra	R4	5.500
CANTIDAD TOTAL (Toneladas):					5.500

Cómpre destacar que a suma das cantidades das distintas saídas a xestor de destino (anotadas no arquivo cronolóxico telemático ou declaradas no correspondente cadro) debe coincidir coa suma das cantidades declaradas para cada código LER nos seguintes campos:

- "Saídas: Cantidade entregada a xestor" do cadro "Residuos resultado do proceso de xestión enviados a xestor externo" (apartado 1.2.)
- "Cantidade procesada" nos campos no que a operación de tratamento sexa o Almacenamento de residuos (A) do cadro "Residuos xestionados" (apartado 1.1.)

2.3.2. Produtos finais entregados a clientes ou autoconsumo

Debe cubrirse copia deste apartado para cada produto final derivado da actividade de valorización final entregado a clientes ou autoconsumido e declarado no apartado 1 durante o ano que se informa, incluíndo os seguintes datos:

- **Código CPA:** codificación do produto ou servizo segundo a Clasificación Nacional de Produtos por Actividades (CPA-2008 ou última actualización), publicada polo Instituto Nacional de Estadística.
- **Descrición do produto:** usar a mesma descrición utilizada no apartado 1 para cada un dos produtos finais xerados.

- **Ciente de destino:** deben cubrirse os datos sobre o cliente ou clientes aos que lle foron entregados os produtos finais xerados. Os campos concello e provincia deben indicar o centro de traballo deste cliente de destino, non da razón social. No caso de que estes produtos se consuman no propio centro de traballo (autoconsumo) os datos do cliente corresponderase cos datos do propio centro xestor.

Exemplo.-

Código CPA	08.12.11	Descrición do produto:	Árido reciclado zahorra		
CLIENTE DE DESTINO					
Razón social	N.I.F./ C.I.F.	Concello ⁶	Provincia ⁶	Unidade	Cantidade ENTREGADA
Construcións SL	B-99999999	Lugo	Lugo	t	4.500
Construcións SA	A-8888888	Allariz	Ourense	t	2.300
CANTIDADE TOTAL :					6.800

A suma das cantidades das distintas saídas a clientes destinatarios debe coincidir coa cantidade declarada no campo "Saídas. Cantidade entregada a clientes" do apartado 1.

2.3.3. Subprodutos entregados a destinatario

Debe cubrirse copia deste apartado para cada subproduto entregado a destinatario e declarado no apartado 1 durante o ano que se informa, incluíndo os seguintes datos:

- **Código LER:** código de seis díxitos segundo a Decisión da Comisión 2000/532/CE de 3 de maio de 2000, sobre a lista de residuos (LER), modificada pola Decisión 2014/955/UE que recibiría o material no caso de ser considerado residuo.
- **Descrición:** usar a mesma descrición utilizada no apartado 1 para cada un dos subprodutos.
- **Destinatario:** deben cubrirse os datos sobre o destinatario ou destinatarios aos que lle foron entregados os subprodutos xerados. Os campos concello e provincia deben indicar o centro de traballo deste destinatario, non da razón social.

Exemplo.-

Código LER:	100101	Descrición do subproduto	Escouras		
DESTINATARIO					
Razón social	N.I.F./ C.I.F.	Concello	Provincia	Cantidade entregada (toneladas)	
Cementos cementera SL	B-99999999	Madrid	Madrid	20	
CANTIDADE TOTAL (Toneladas):				20	

A suma das cantidades das distintas saídas a destinatario deben coincidir coa cantidade declarada no campo "Saídas. Cantidade entregada a destinatario" do apartado 1.

DIAGRAMA DE FLUXO

Mediante a representación do seguinte diagrama de fluxo de un centro xestor de residuos con varias plantas tipo de tratamento de residuos preténdese aclarar de forma sinxela o procedemento de declaración de datos no formulario da memoria anual de xestión de residuos.

